1. Introdución. **Guerra e Revolución**
   - O paso á época contemporánea foi o resultado de dous cambios:

   1. 1. Revolución liberal.
   Paso da monarquía absoluta á parlamentaria.
   Da sociedade estamental á clasista.
   Da economía dirixida á de mercado.
   1. 2. Revolución industrial.
   Paso da manufactura á fábrica.
   - A diferenciación dos tres poderes é o maior avance teórico na procura de garantías para os dereitos.

2. **A crise do Antigo Réxime (1808-1837).**
   - A finais do XVIII e principios do XIX o estado absolutista entra en crise.
   - Os instrumentos do Antigo Réxime son incapaces de dar solución aos problemas do país.

   2.1 Causas. Debilidade da Monarquía de carlos IV
   - Penetración de ideas revolucionarias a partir de 1808. Antes existía censura.
   - Crise hacendística que provocan a quebra do estado absolutista.
   - Aplicación de medidas impensables no absolutismo (desamortización).
   - Explosión demográfica. As terras para novas roturaciones están enajenadas en mans da nobreza e o clero. Dará lugar a conflitos.
   - Crises agrarias (malas colleitas, epidemias e fame). Protestas populares.
   - Motín de Aranxuez en 1808. Motín de notables con apoio popular contra Godoy e Carlos IV.
   Tratado de Fontainebleau: permite o paso dos franceses.

3. **Estatuto de Baiona**
   O rei abdica en Fernando VII, pero en Bayona a entrega a Napoleón que a cede ao seu irmán José (José I).
   Decrétase o estatuto ou Carta Outorgada
   - A guerra non fará máis que precipitar os acontecementos.

4. **Guerra e Revolución. A Guerra de Independencia (1808-1814).**
   - Levantamento popular e nacional fronte ao invasor.
   4. 1. Accións Militares:
   - Aparición de elementos políticos: heroe popular, bandoleiros, líderes políticos.
   - Aparición da guerrilla como novo elemento popular.
     - Conflito a tres bandas: invasión, rei exiliado e rei intruso.
     - Coincidencia de tres tipos de institucións: Institucións do Antigo Réxime: Xunta de goberno, Consello de Castela...Aparello estatal de José I, de intención reformista e con apoio dos afrancesados. E o poder nacido do levantamento: Xuntas provinciais, Central, Cortes de Cádiz.

   4.2 Consecuencias da Guerra
   - Demográficas
   - Económicas
   - Sociais
   - Políticas

5. **Grupos Políticos:**
   - Afrancesados
   - Jovellanistas
   - Absolutistas

- Liberais

6. O impacto da Guerra en Galicia. O século XIX: a xénese do atraso

- A Toma de Vigo
- A batalla da Ponte de San Paio

7. Das Xuntas ás Cortes de Cádiz. A Revolución española

- O alzamento antifrancés constituíu o nacemento do proceso revolucionario.
- Creáronse as xuntas revolucionarias que desembocaron na xunta Central.
- Delegaría os seus poderes nunha Rexencia para convocar a Cortes.
- Realizou unha enquisa (1809) sobre diversos problemas desa época. Limitación do poder da monarquía.Repulsa aos privilexios señoriales.
-A convocatoria a Cortes realizouse nunha Asemblea (preferíase en dúas).
-As Cortes fixeron unha nova forma de estado e sociedade.

7.1 As Cortes estaban integradas por moi diversos grupos políticos, desde liberais a radicais, representantes do Antigo Réxime, burguesía...Os nobres tentaban que as Cortes fosen unha mera substitución do rei.

7.2 O labor legal das Cortes (constitución de Cádiz 1812).

- Estableceu o modelo de liberalismo español do XIX.
- Regulaba a organización de poderes, financeira, militar, administrativa, educativa.
- Constatación da soberanía nacional.
- Defensa da propiedade, da liberdade e da igualdade.
- Todos os cidadáns eran iguais ante a lei.
- División de poderes:
  - Lexislativo (As Cortes)
  - - Executivo (O rei e os seus ministros). Executa as leis que dita o lexislativo.
  - Xudicial (tribunais de xustiza).
- Eleccións como mecanismos de participación. Sufraxio universal masculino.
- Relixión católica.
- Organización militar: Milicia Nacional. Pon en macha un gran desenvolvemento lexislativo.

8. Tarefa lexislativa : Reformas e decretos principais

9. Dítanse os principios básicos da revolución liberal burguesa.
Liberdade e propiedade. Liberdade de comercio, de explotación, de industria, de arrendamento.
Supresión das aduanas interiores.Extinción dos vínculos a mayorazgos.
Desamortización. Nacionalización e venda de bens de afrancesados, xesuítas, Inquisición, ordes militares...Abolición de señoríos. Supresión de monopolios, censos, rendas señoriales. Non se suprimiron as propiedades se se tiñan os títulos de propiedade.Causa de preitos entre campesiños e señores.
A volta de Fernando VII. - Tras a guerra regresa Fernando VII e restaura o absolutismo.

10. Reinado de Fernando VII: Absolutismo fronte a iberalismo:Crise do Antigo Réxime. Restauración absolutista

Contou con varios apoios.Grupos absolutistas antirrevolucionarios.Nobreza. Clero e parte do exército. Deputados de natureza absolutista que redactaron o

Manifesto dos Persas. En maio 1814 derroga a Constitución de 1812. Foi considerado o primeiro golpe de estado da idade contemporánea.Houbo unha notable pasividade dos grupos liberais. Campaña de represión contra os liberais.Prohibición de reunión. Exilio. Execucións. Os liberais entran nun período de clandestinidade e pronunciamientos Espoz e Mina.

O trienio liberal (1820-1823)- Un deses pronunciamientos tivo éxito. O xerme estivo nas tropas de Cabezas de San Juan con destino a América.
- Tivo éxito grazas á unión entre militares liberais e civís conspiradores.
- Foi un triunfo que se debeu máis á crise do Antigo Réxime que ao vigor revolucionario español. Supuxo a posta en práctica de todos os principios de 1812.Radicalizáronse os conflitos entre liberais e absolutistas. Dentro do partido liberal vanse a diferenciar dúas correntes:

Moderados ou Doceañistas.Futuro partido Moderado. Queren pór en marcha a obra da Constitución, pero sen revolución. Non dubidan en pactar co clero e a nobreza. Será o grupo que triunfe. Gobernaron até xullo de 1822. Martínez de la Rosa.
Exaltados ou radicais. Futuro partido progresista. Defenden a colaboración coas masas populares, campesiñas e urbanas. Gobernarán a partir de xullo de 1822. Evaristo San Miguel.Oposición ao Trienio. Os absolutistas buscaron mecanismos contra as forzas liberais. Intentos legais do monarca para frear as reformas. Aparición de **grupos realistas,** xerme do futuro partido carlista. Sublevación da Garda Real. 1822 Creación da Regencia de Urgel. Goberno absolutista no exilio. **Intervención estranxeira (Cen Mil Fillos de San Luís).**

Significación do Trienio Liberal. Realiza o programa inconcluso das Cortes de Cádiz.
Faise efectiva e publícase a lei de desvinculación de propiedades. Abolición do Réxime señorial. Desamortización: non afectou ao clero regular. Nova organización administrativa. Posta en marcha en todo o Estado do Código Penal.

11. Década absolutista 1823-1833.A Década ominosa. 2º período absolutista

A Década Ominosa. Volta ao poder absoluto de Fernando VII. A pesar de ser unha reacción absolutista continúa o agravamento da crise do Antigo Réxime. Comeza unha nova época de represión, pero as forzas absolutistas expoñen algunhas reformas. Administrativas. Apertura do sistema político. Novas institucións para axilizar a vida administrativa e política.

Hacendísticas:
-Elaboración dun orzamento anual para todo o estado. Relaxación do férreo absolutismo. Substitución do Consello de Castela por unha asemblea de tipo francés de 1814. Nela estarían representados membros das Cortes tradicionais. Formación de códigos de comercio, nacemento da bolsa. . Colaboracionismo cos liberais moderados como Cea Bermúdez. Aumento da oposición ao absolutismo. Os liberais exiliados entran en contacto cos liberais europeos. Conspiracións, reunións en clubs. As reformas de Fernando VII provocan críticas de sectores absolutistas.Xurdirán grupos de oposición, o futuro partido carlista.

O tránsito á Monarquía Constitucional. **A lei Sálica,** que excluía ás mulleres de trono foi derrogada por Fernando VII. Mediante a Pragmática Sanción permitiuse

o acceso á súa filla Isabel. Este feito non agradou aos carlistas que iniciaron a sublevación dos "agraviados" 1827. Os liberais vían de bo grado a sucesión de Isabel.
-Tras a morte de rei comeza o enfrontamento. Debido á minoría de Isabel II queda como rexente a súa nai Mª Crisitina.

12. A emancipación da América española

12.1 Causas:

- Diferenzas étnico-sociais.
- Reformas territoriais e deficiencias económicas
- A Invasión Francesa

A Batalla de Ayacucho en 1824, puxo fin á dominación española en América. Só as illas antillanas de Cuba e Porto Rico seguiron ligadas á metrópole.